

# III CONGRESO NATUREZA E IMAXE

## 9 de xuño 2013



Organiza:  **CEIDA**  
CENTRO DE EXTENSIÓN  
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN  
AMBIENTAL DE GALICIA

Patrocina: **Consorcio  
As Mariñas** 

 **FRAN NIETO**  
FOTÓGRAFO

10:30 **Presentación do congreso**

10:40 **Audiovisual**

### Concurso de MontPhoto 2012

MontPhoto converteuse nun referente internacional nos concursos de natureza, grazas, sobre todo, ao bo facer da súa directiva. O seu compromiso cos dereitos dos fotógrafos e seu único interese na difusión da fotografía de natureza e de montaña, fomentando os valores de conservación, lograron que cada ano a participación creza en calidade e cantidade.

10:50 **Audiovisual**

### Tecendo Redes

As redes sociais son o actual punto de encontro dos fotógrafos, nelas compártense experiencias, coñecementos e fotos. Tecendo Redes é un grupo moi activo en *Facebook* composto por fotógrafos galegos.



11:00 **Relatorio**

### Técnicas de apilamento ou *stacking* para súper macro. Luis Monje

A fotomacrografía é unha técnica para captar imaxes de obxectos moi próximos, de forma que poidan verse moi ampliados sen empregar microscopio. Canto maior é o aumento, menor é a zona que conseguimos captar ben enfocada. Ese problema, xunto cos inherentes da difracción das lentes, resultaron ser ata fai pouco totalmente irresolubles. O autor mostra no seu relatorio a forma de solucionar isto




mediante novas técnicas de *stacking*, ao tempo que nos propón solucións para realizalo, dende as máis sinxelas, ata as máis complexas e automatizadas. Todo elo acompañado con abundantes e espectaculares fotos de exemplo.

12:00 **Relatorio**

### Osos cantábricos.

#### Fernando Ballesteros

Presentación do documental da Fundación Oso Pardo, galardoado no Festival Internacional Telenatura 2012. Móstranos imaxes inéditas da vida dos osos pardos gravadas en total liberdade, así como do traballo desenvolto para a súa conservación.



12:40 **Audiovisual**

### Arachnida. Paco Alarcón

As técnicas de fotografía macro posibilitan introducirnos nun novo cosmos que é imposible observar, a simple vista, como o dos arácnidos.



12:50 **Relatorio**

### Impresión dixital.

#### Mark (Técnico de impresión de Zlick)

As modernas técnicas de impresión dixital desprazaron case por completo ás químicas grazas á súa maior facilidade para previsualizar os resultados, ao seu prezo por copia final, á súa calidade e perdurabilidade.



16:00 **Audiovisual**

### Parque Natural da Serra Norte de Guadalajara. Luis Monje

O Parque Natural da Serra Norte de Guadalajara, cobre unha extensión de 118.000 hectáreas do cuadrante noroeste de dita provincia, e inclúe





os cumios máis altos de Castela A Mancha con media ducia de picos que superan os dous mil metros. Ao ser unha das zonas máis illadas de España, xunto co abrupto da súa topografía e ás súas atractivas aldeas de lousa negra confírenlle un inusual valor paisaxístico e ecolóxico. O vídeo, baseado exclusivamente en fotografías e panorámicas en movemento, intenta dar mostra deses valores da man dun dos fotógrafos que mellor coñece esas montañas

16:25 *Audiovisual*

### **Vida no bosque. José Larrosa**

A natureza ten un valor incalculable no seu estado puro. Na Serra de Cuenca o autor trasládanos ao pasado ao descubrir microclimas agochados no máis profundo do bosque: as pequenas aves, os carnívoros, a flora e o misterioso mundo micolóxico.



© Fernando Castro

16:35 *Audiovisual*

### **Sinfonía natural. Fernando Castro**

Neste traballo observaremos a enorme variedade que presenta a luz natural ao

longo do día e das estacións utilizando a música como fío conductor.

16:45 *Audiovisual*

### **Sinfonía de montaña. Paco Roses**

As montañas son un atractivo ancestral para o home. A través das fotografías deste montañeiro coñeceremos algunhas das cordilleiras máis importantes da nosa Península.

16:50 *Audiovisual*

### **A luz interior: AEFONA**

A través dun guión con referencias ao noso compromiso coa ética e a conservación móstranse algunhas das imaxes premiadas a nivel internacional. As mellores obras recentes de 62 fotógrafos da Asociación Española de Fotógrafos de Natureza, premiadas moitas delas en concursos de nivel internacional.



© Fran Nieto

17:00 *Relatorio*

### **Fotografía nocturna: Fran Nieto**

A caída do sol non supón o fin das posibilidades fotográficas, máis ben e unha oportunidade pra intentar conseguir novas fotos creativas e artísticas.


18:30 **Descanso**

18:45 *Relatorio*

### **Macro ao natural. Rubén Pérez**

Grazas ás técnicas de fotografía macro accedemos a un mundo que nos pasa totalmente desapercibido. Se usamos técnicas de desenfoco selectivo e estudamos cuidadosamente a iluminación natural podemos realzar aínda máis as fotografías que obtemos deste apaixonante universo.

© Ruben Ferez



19:10 *Audiovisual*

### **Ás de liberdade. FNA**

#### **Fotografía de Natureza Arxentina**

Arxentina ten unha grande variedade de especies de aves que se materializa neste traballo que contén máis de 200 fotografías de aves deste país, obtidas por fotógrafos da asociación FNAweb.org.

19:20 *Relatorio*

### **Fotografando libélulas. Miguel Ares**

As libélulas son un excelente motivo fotográfico pola súa enorme beleza e facilidade de localización.

© Miquel Angel Dora



19:50 *Audiovisual*

### **100 momentos. Miquel Ángel Dora**

A vida non se mide polas veces que respiras, senón por aqueles momentos que che deixan sen alento. Por sorte a vida permitíume fotografar a natureza e perder o alento en moitas ocasións.

20:00 **Clausura**